

Guía básica para
o uso correcto da

lingua galega



Guía básica para o uso correcto da lingua galega



Confederación Intersindical Galega (CIG)

Contido

Presentación	6
Usos dalgunhas letras	7
Alfabeto galego	7
Letras	7
h	7
b; v	8
Grupos consonánticos	9
mn; nm; nn	9
cc; ct	9
pc; pn; ps; pt	10
bl, cl, fl, gl, pl / br, cr, fr, gr, pr	10
Outros grupos consonánticos	11
x / s	11
Sinais de interrogación e exclamación (admiración) ...	12
Regras de acentuación	13
Palabras agudas (acento na última sílaba)	13
Palabras graves (acento na penúltima sílaba)	13
Palabras esdrúxulas (acento na antepenúltima sílaba)	14
Outros casos a ter en conta	14
i e u en hiato (non ditongo)	14
Palabras monosílabas	14
Acento diacrítico (que diferencia palabras)	14
Adverbios acabados en -mente	15
Pronomes demostrativos, interrogativos e exclamativos ...	15
Acentuación dos estranxeirismos e os latinismos	15
As máiusculas tamén deben levar acento	15
O xénero das palabras	16
Palabras femininas	16
Palabras masculinas	16

Formación do plural das palabras (Regras)	17
Terminacións e comezos de palabras problemáticos	19
Palabras acabadas en aría	19
Palabras acabadas en bel	19
Palabras acabadas en cía, cio / za, zo	20
Palabras acabadas en ente, iente, inte	21
Palabras acabadas en iño, iña, iñar / ino, ina, inar	21
Palabras acabadas en án, á / ano, ana	22
Palabras acabadas en idade / iedade	22
Palabras acabadas en dade / tade	23
Palabras acabadas en eira, eiro / era, ero	23
Outras terminacións	24
Contraccións	25
Preposición en	25
Preposición de	25
Preposición por	26
Preposición con	26
Preposición a	26
Demostrativos	26
O artigo determinado -o, a, os, as (Observacións)	27
Demostrativos	28
Acerca dos verbos	29
Apuntamentos sobre os verbos	29
Primeiro	29
Segundo	29
Terceiro	29
Outros	30
Cuarto	30
Quinto	30
O infinitivo conxugado	31
Pronome persoal. Colocación dos pronomes	33

Anexo 1. Corrección de malos usos lingüísticos	35
Uso de x e non de i	35
Uso de ll e non de x	35
Uso de l e non de ll	35
Non levan l entre vogais	35
Uso de n e non de ñ	36
 Anexo 2. Erros habituais	 38



Presentación

Esta Guía básica para o uso correcto da lingua é unha nova versión en formato dixital da Guía elemental para a escrita do galego elaborada polo Departamento de Normalización Lingüística da CIG e publicada na súa primeira edición en 1998 (segunda edición en 1999). As diferenzas con aquela son mínimas e basicamente consisten na adaptación ás normas reformadas en 2003.

O avance no uso e consideración do noso idioma foi unha preocupación constante para a CIG, como organización nacionalista e de clase. Unha organización que defende os intereses das traballadoras e traballadores non pode ser allea á defensa dos dereitos lingüísticos que maioritariamente exerceron as clases populares, as que mantiveron vivo o idioma e cultura de Galiza.

Pretendemos que esta Guía sexa de utilidade para o uso do noso idioma, tanto oral como escrito, pois para quen estamos empregando o galego a diario, dándolle normalidade en todos os ámbitos, debe ser unha preocupación dignificar a nosa lingua a través dun uso correcto.

Galiza, xullo de 2022

Usos dalgunhas letras

Alfabeto galego

a, b, c, d, e, f, g, h, i, l, m, n, ñ, o, p, q, r, s, t, u, v, x, z.

Non pertencen ao alfabeto galego o **j**, o **k**, o **w** e o **y**.
Son letras que só se utilizan de xeito moi restrinxido:

Símbolos e siglas:

km = quilómetro; W = oeste...

Nomes estranxeiros:

Nova York; Keynes - keynesiano...

Palabras non adaptadas:

Rugby; Kremlin...

Letras

h

Levan **h** inicial palabras como:

Hoxe, horizonte, historia, Henrique, harmonía, hedra...

Non levan **h** inicial:

Achar, encher, ermo, irmán/irmá, irmandade, oco, ombro, orfo/orfa, ovo, inchar, ola (saúdo)...

Non existe **h** no medio en palabras como:

Aí, baía...

b; v

Levan **b** as acabadas en **bel** e derivadas:

*Posíbel, probábel, rendíbel... posibilidade,
probabilidade, rendibilidade... posíbeis, probábeis,
rendíbeis...*

Tamén se escriben con **b** palabras como:

*Baleiro, abril, branco, probar, pobre, febreiro, libre, libro,
palabra, abondo, beira, ribeira, árbore, deber, haber,
nobre, polbo, albanel, embargo, rebentar, bolboreta,
chibo, desbotar, labor, sorber...*

Os derivados de **móbil**:

Mobilización, automóbil, inmovilismo...

A terminación verbal en **ba**:

Xogaba, andabamos, berraban...

Pola contra, escríbense con **v** palabras como:

*ouvear, varrer, avó/avoa, avogado, gravar, gravata,
pavillón, vermello, verniz, vulto, Cristovo, Estevo,
varanda, escarvar, esvarar, envergadura, absolver...*

Tamén se escriben con **v** os derivados de **mover**:

Movemento, movida, promover...

Grupos consonánticos

mn; nm; nn

En xeral, mantéñense ambas as consoantes (ao seren consideradas palabras de orixe culta):
Alumno/a, calumnia, columna, himno, solemne, innovar, perenne, conmover, enmudecer, inmóbil, inmerso/a, inmigración, indemnización, comunmente, connosco...

Excepcións:
emenda, conivencia...

cc; ct

Cc e **ct** precedidos de **i** e **u** perden o **c**:
Conduta, conflito, produción, ditadura, tradutor/a, construción, vítima, vitoria... [exceptúanse a esta norma cultismos como: ficción, adicción, adicto/a, veredicto, convicto/a, convicción, fricción...].

Cc e **ct** precedidos de **a**, e ou **o**, como norma xeral, mantéñense:
Obxecto, obxectivo, dirección, conxectura, acción, reacción, proxecto, traxectoria, aspecto, nocturnidade, sector, sección, directo/a, lector/a, perfecto/a, efecto, elección, respecto...

Trocan o **c** por **i** ou **u**:
Suxeito, reitor/a, doutor/a, doutrina, oitavo, seita [pero: sectario/a, sectarismo], outubro...

pc; pn; ps; pt

Como regra xeral, mantéñense:

Aptitude, apto/a, réptil, hipnotizar, captar, captación, acepción, opción, exipcio/a, psicoloxía, psicanálise, pneumonía, pneumático...

Pérdese o **p** en palabras como:

Setembro, sétimo...

Tamén nas acabadas en **scrión e scrito**:

descrición, inscrición, subscrición, adscrición; descrito/a, inscrito/a, subscrito/a, adscrito/a.

Muda o **p** en **i**:

Receita, adoitar (diferente de: adoptar).

bl, cl, fl, gl, pl / br, cr, fr, gr, pr

Con **bl, cl, fl, gl, pl**:

Claro, clase, bloquear, exemplo, explicar, gloria, planta, pluma, público, publicar, globo, fluído, duplicar...

Con **br, cr, fr, gr, pr**:

Prazo, aprazar, branco, cravar, cumprir, dobrar, dobregar, empregar, escravola, fruta, frecha, frota, frouxo, igrexa, obrigar, pracer, praia, prata, preito, soprar, recruta, regra, singradura, prazo...

Outros grupos consonánticos

A tendencia xeral é á súa conservación:

Abstraer, advertir, significar, dogmático/a, ignorante, instrución, significado, técnico/a, transmitir, conciencia, traslado, psicolóxica, constante, substancia, subtraer, insubmisión...

X / S

Levan **x**:

Exame, exaltar, excelente, excepción, exclamar, exclusivo/a, existir, existir, experimento, explicar, expor, expropiar, exterior, extinguir, extraer, extraordinario/a, exacto/a, reflexión, auxilio, taxa, máximo/a...

Levan **s**:

Estratexia, esplendor, espontáneo, espléndido/a, estrutura, escéptico/a, espectador/a, estrear, escavar (escavación), escusa (escusar), espolio, estender [pero: extensión, extenso/a], espremer, estranxeiro/a, extraño/a, estremeño/a...

Poden levar **x** ou **s**:

esaxerar / exaxerar (e derivadas), esixir / exixir (e derivadas).

Sinais de interrogación e exclamación (admiración)

Os sinais ou signos de interrogación e exclamación (admiración) só se marcan ao final:
Que dis! Onde estiveches? E logo? Cala xa! Vaites, vaites! Como che foi?



Reglas de acentuación

Palabras agudas (acento na última sílaba)

- Levan acento gráfico as acabadas en vogal (**a, e, i, o, u**) e en vogal **+n** ou **+s**):
aquí, algún, café, tabú, camións, xuvenís, alguén, mazás, portugués, peóns, chinés, avó...
- Non levan acento gráfico as palabras acabadas en consoante que non sexa nin **n** nin **s**, nin as acabadas en ditongo decrecente (**ei, ou, ai, iu...**):
traballar, feliz, capital, lapis, taxi, virus, señor, papel, españois, ademais, levou, pediu...

Palabras graves (acento na penúltima sílaba)

- Levan acento gráfico as acabadas en consoante distinta de **n** ou **s** (**l, m, r, x e z**) ou en grupos consonánticos diferentes de **-ns**:
móbil, álbum, carácter, bíceps, mísil, tórax...

Tamén levan acento as graves que levan ditongo na última sílaba:
estábeis, rendíbeis...
- Polo tanto, non levan acento gráfico as palabras graves acabadas en vogal, en vogal **+n**, vogal **+s** ou vogal **+ns**):
atmosfera, lapis, canon, heroe, sindicato, cantabamos, dolmens...

Palabras esdrúxulas (acento na antepenúltima sílaba)

Levan acento todas:

Área, bébedo, díptico, música, cámara, tóxico,
pésame, bárbaro, hélices...

Outros casos a ter en conta

i e u en hiato (non ditongo)

Levan acento gráfico **i** e **u** tónicos

que formen sílaba en por si (non forman ditongo):

Aí, aínda, raíz, muíño, saúde, saída, raíces, baía, saía,
ruído, miúdo, xuízo, rúa, súa, Luís, país, egoísta, caída,
xuíz, retribuír...

[non se acentúan i e u se entre elas

e a outra vogal átona aparece un h: prohibe...].

Palabras monosílabas

Non levan acento*:

Xa, el, fe, cans, leis, ti, tren, sol...

* (Exceptúanse a esta norma os monosílabos

que deben levar acento diacrítico [ver abaixo]: á, dá, pór, só...)

Acento diacrítico (que diferencia palabras)

Á / a: Dixo que **a** irmá **ia** **á** escola **a** Lugo.

Dá / da: Non **dá** nada **da** casa.

É / e: El **é** alto **e** ti es baixo.

Fóra / fora: Ela **fora** para **fóra**.

Máis / mais: Falou **máis** alto, **mais** ningún lle fixo caso.

Nó / no: Fixo un **nó** **no** cinto.

Nós / nos: Non **nos** dixeron que era para **nós**.

Óso / oso: O **oso** partiu un **óso**.

Vén / ven: Ela **ven** se eles non a **ven**.

Vés / ves: Se **vés** de Vigo en tren, non **ves** a ponte.

Vós / vos: **Vós** facedes o que **vos** peta.

Póla / pola: A **pola** vai pola **póla** máis alta.

Pór / por: *Non hai que se **pór** así por **iso**.*

Présa / presa: *A leoa tiña **pré**sa por comer a **pres**a.*

- No caso do acento diacrítico, mantense cando leva un pronome posto:
*dá*me; *é*vos...

Adverbios acabados en -mente

Non levan acento (aínda que o leve o adxectivo):

Fácil > *facilmente*. *Común* > *comunmente*.

Pronomes demostrativos, interrogativos e exclamativos

Como norma xeral, non levan acento:

Este, ese, aquel, cal, como, quen, cando, canto, onde, (por) que...

Acentuación dos estranxeirismos e os latinismos

Os estranxeirismos e mais os latinismos de uso común seguen as normas anteriores:

Palabras agudas:

iglú, puré, ralentí, vermú, xampú; anorak, argot, ballet, boicot, iceberg, neceser, relax, voleibol...

Palabras graves:

accésit, fútbol, quórum, réquiem, superávit, tándem; mitin, pelotari, penalti, pizza, zombi, hobby, whisky...

Palabras esdrúxulas:

bádminton, búmerang, déficit, hábitat, hándicap, ínterim, párkinson...

As maiúsculas tamén deben levar acento

seguindo as mesmas regras das minúsculas:

ÁFRICA; SAÚDE; ADMINISTRACIÓN; Área; Órgano...

O xénero das palabras

Palabras femininas

Son femininas as palabras acabadas en **axe**:

A porcentaxe, a viaxe, a aldraxe, a chantaxe, a homenaxe, a vantaxe...

Excepcións:

O traxe, o paxe, o garaxe.

Tamén son femininas:

A análise, a árbore, a calor, a cor, a cute, a desorde, a dor, a énfase, a fronte, a marxe, a orde, a orixe, a paréntese, a ponte, a suor, a vertixe, a auga, a arte...

Palabras masculinas

Son masculinas as acabadas en **ume**:

O costume, o cume, o legume, o lume...

Excepcións:

A servidume, a acedume.

Tamén son masculinas:

O cárcere, o couce, o dote, o leite, o sangue, o ubre, o cal, o mel, o sal, o sinal, o labor, o nariz, o riso, o estrataxema, o paradoxo...

Formación do plural das palabras (Regras)

- Palabras acabadas en vogal (**a, e, i, o, u**), en ditongo ou en **n**: engaden **s**:
Bisturí > bisturís; illó > illós; hindú > hindús; lei > leis; pai > pais; rei > reis; boi > bois; algún > algúns; salón > salóns; refén > reféns; capitán > capitáns....

- Acabadas en **r** e **z**: engaden **es**:
Calor > calores; cor > cores; lugués > lugueses; capataz > capataces; vez > veces; feliz > felices...

- Palabras acabadas en **l**: As monosílabas engaden **es**:
mal > males; sol > soles; pel > peles; ril > riles...

As de máis dunha sílaba acabadas en **al, el, ol, ul** cambian o **l** do singular por **is** en plural:
animal > animais; papel > papeis; español > españois; azul > azuis... (excepción: aquel > aqueles).

As de máis dunha sílaba acabadas en **il** cambian o **l** por **s** (**il > ís**) se son agudas:
civil > civís; infantil > infantís...

Se son graves, engaden **es** (**l > les**):
difícil > difíciles; réptil > réptiles; mísil > mísiles; caníbal > caníbales...

As graves acabadas en **bel** fan o plural **beis**:
aceptábel > aceptábeis; posíbel > posíbeis...

Por último, as palabras compostas sobre monosílabos que acaban en **l** engaden **es**:
cartafol/cartafoles...

- As palabras acabadas noutras consoantes (cultismos e estranxeirismos) engaden **s**:
club > clubs; pub > pubs; tic > tics; anorak > anoraks;
álbum > álbums; hándicap > hándicaps; boicot >
boicots; complot; robot > robots...



Terminacións e comezos de palabras problemáticas

Palabras acabadas en aría

Aínda que na fala a terminación máis común destas palabras é en **ería**, na escrita preferírase a terminación **aría** (en todo caso, ambas son correctas):

libraría, secretaría, consellaría, enfermaría...

Porén, só admiten a terminación en **ería**:

batería, galería...

Non é correcta a terminación **eiría**:

**libreiría, enfermeiría... Excepción: estranxeiría.*

Palabras acabadas en bel

A terminación común na fala é **ble**, mais na escrita preferírase a forma **bel** (como no caso anterior, ambas son correctas):

Acabadas en ábel;

íbel; úbel: aceptábel, amábel, considerábel, denunciábel, estábel, favorábel, razoábel, críbel, exixíbel, preferíbel, posíbel, solúbel, volúbel...

Plural:

ábeis; íbeis, úbeis: aceptábeis, amábeis, considerábeis, denunciábeis, estábeis, favorábeis, razoábeis, críbeis, exixíbeis, preferíbeis, posíbeis, solúbeis, volúbeis...

Palabras acabadas en *cia, cio / za, zo*

Acabadas en **cia, cio** (maioritarias):

audacia, falacia, noticia, inicio, negocio, ducia, belixerancia, distancia, Francia; relevancia, vixilancia, esencia, xerencia, audiencia, ciencia, eficiencia, paciencia, suficiencia, silencio, denuncia, anuncio, comercio, consorcio, divorcio...

Malia haber tendencia da lingua popular a eliminar o **i** da terminación **iencia**:

**cencia, *pacencia...*,

a lingua culta conserva o **i**:

ciencia, paciencia... (mais: aparencia).

Acabadas en **za, zo**:

graza (grazas, desgraza [pero: agraciar, desgraciado]), cansazo, espazo [pero: espacial], pazo; avaricia; prezo (desprezo, desprezar, prezar, menosprezar [pero: apreciar, apreciábel, depreciar]); cobiza (cobizar, cobizoso), xustiza (inxustiza, xusticeiro); servizo, xuízo (prexuízo); perseveranza, finanza (financeiro); avinza; crenza, diferenza (indiferenza [pero: diferenciar, diferenciábel, diferencial, diferenciación]), doenza, licenza [pero: licenciado, licenciatura], nacenza (renacenza), pertenza, presenza [pero: presenciar], querenza, sentenza [pero: sentenciar]; terzo (terza, terzar [pero: terciario])...

Galiza [A forma viva na fala é Galicia, mais por coherencia histórica do nacionalismo, e por ser hoxe a forma do portugués actual (fronte á española Galicia), débese optar Galiza. Porén, ambas son correctas].

Palabras acabadas en ente, iente, inte

En **ente**:

Verbos en **er**:

Ardente, combatente, corrente, escribente, fervente, pertencente, vertente...

Verbos en **ir**:

Adquirente, concernente, dormente, lucente (relucente), servente, afluente, congruente, consecuente, influente, sobrevivente...

En **iente**:

Ambiente, consciente, deficiente, ingrediente, paciente, suficiente, conveniente (inconveniente), interveniente, proveniente, expediente, nutriente, saliente, sobresaliente...

En **inte**:

Seguinte, contribuínte, constituínte, saínte...

Palabras acabadas en iño, iña, iñar / ino, ina, inar

En **iño, iña, iñar** (menos abundantes):

Andoriña, piña, toniña, vaíña, cociña, espiña, raíña; aliño, golfiño, adiviño, biscaíño, comiño, daniño, mariño, meiriño, mesquiño, muíño, pergamiño, veciño; acariñar, adiviñar, aliñar, envaiñar, subliñar...

En **ino, ina, inar** (máis abundantes):

Bucina, cortina, esquina, gabardina, medicina, oficina, rapina; asasino, destino, divino, ensino; asinar, destinar, determinar...

Palabras acabadas en án, á / ano, ana

En **án, á** (menos abundantes):

*Aldeán, aldeá; ancián, anciá; castelán, castelá;
cidadán, cidadá; irmán, irmá; san, sa...*

Tamén acaban en **án**:

*Man, verán... E en **á**: Mañá, mazá, ra...*

En **ano, ana** (máis comúns):

*Americano, americana; humano, humana; paisano,
paisana; republicano, republicana; romano, romana;
urbano, urbana; veterano, veterana... Tamén acaba en
ana: semana.*

Palabras acabadas en idade / iedade

En **idade** (maioría):

*Ambigüidade, antigüidade, brevidade, enfermidade,
falsidade, gravidade, mocidade, novidade, idade,
soidade...*

En **iedade**:

*Solidariedade, ansiedade, saciedade, arbitrariedade,
obligatoriedade, seriedade...*

Palabras acabadas en *dade / tade*

En **dade** (maioría):

En **rdade**:

Herdade, verdade, puberdade, liberdade...

En **ldade**:

Crueldade, igualdade, lealdade...

En **ndade**:

Bondade, divindade, irmandade... [pero: vontade]

En **tade**:

Metade, vontade, dificultade, facultade...

En **stade**:

Maxestade, potestade...

Palabras acabadas en *eira, eiro / era, ero*

En **eira, eiro** (máis abundantes):

*Barreira, cafeteira, liteira, mangueira, palmeira;
brasileiro, enteiro, obreiro, saleiro, sendeiro, xardineiro,
xusticeiro, financeiro...*

En **era, ero**:

*Cera, esfera, atmosfera, espera, galera, pantera,
quimera, primavera; bolero, sincero...*

Outras terminacións

Acabadas en **se, xe, ite, te, pole:**

Análise, antítese, crise, dose, énfase, hipótese, parálise, psicose, síntese, tese, praxe, sintaxe, apendicite, hepatite, diabete, metrópole...

Acabadas en **imento / emento:**

Verbos en **ir:**

Cumprimento, descubrimento, divertimento, sentimento, recibimento...

Verbos en **er:**

Acontecemento, agradecemento, coñecemento, desenvolvemento, mantemento, movemento, nacemento, procedemento, recoñecemento, rendemento...



Contracções

Preposição en

En + o, a, os, as:

No, na, nos, nas.

En + un, unha, uns, unhas:

Nun, nunha, nuns, nunhas.

En + este... ese... aquel... isto, iso, aquilo:

Neste... nese... naquel... nisto, niso, naquilo.

En + outro... algún, algunha...:

Noutro... nalgún, nalgunha...

En + el, ela, eles, elas:

Nel, nela, neles, nelas.

Preposición de

De + o, a, os, as:

Do, da, dos, das.

De + un, unha, uns, unhas:

Dun, dunha, duns, dunhas.

De + este... ese... aquel... isto, iso, aquilo:

Deste... dese... daquel... disto, diso, daquilo.

De + outro... algún, algunha...:

Doutro... dalgún, dalgunha...

De + el, ela, eles, elas:

Del, dela, deles, delas.

Non contraen
[aínda que na fala sexa común a contracción]:

Alguén, algo:

En alguén, en algo; de alguén, de algo.

Aquí, aí, alí:

De aquí, de aí, de alí.

Preposición por

Por + o, a, os, as:

Polo, pola, polos, polas.

Preposición con

Con + o, a, os, as:

Co, coa, cos, coas.

Con + un, unha, uns, unhas:

Cun, cunha, cuns, cunhas.

Preposición a

a + o, a, os, as:

Ao, á, aos, ás.

Demostrativos

este, ese, aquel + outro, outra, outros, outras:

Estoutro, estoutra... esoutro, esoutra..., aqueloutro, aqueloutra...

O artigo determinado -o, a, os, as (Observacións)

Despois de formas verbais rematadas en **r** e **s**, dos pronomes **nos, vos, lles** e **nós, vós**, de **ambos, ambas, todos, todas**, e **mais** e **tras**, hai unha tendencia moi estendida na fala a pronunciar ese son **s** ou **r** final como **l**. Porén, esta tendencia é preferíbel non a representar no galego escrito

[As actuais Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego (ILG-RAG) si permiten que se represente por escrito].

Exemplos:

Abrir a porta

Colles as cousas

Nós as dúas

Todas as tardes

Ambos os irmáns

Tras a porta

É obrigatorio o uso do artigo determinado diante de posesivo (**meu, miña, teu, túa, seu, súa, noso, nosa, voso, vosa...**) + nome:

Esta é a miña casa.

Como excepción a esta norma, pódese citar o caso dos nomes de parentesco:

Túa nai é meiga.

Demostrativos

Este, estes, esta, estas / isto.

Ese, eses, esa, esas / iso.

Aquel, aqueles, aquela, aquelas / aquilo.

Aínda que na fala existan:

esto, eso, aquilo; iste, ise; estos...,

na escrita aparecerán as formas arriba indicadas.



Acerca dos verbos

Apuntamentos sobre os verbos

Primeiro

Non existen verbos compostos con **haber**

(haber + participio)

*Dixera >Non *había dito.*

*Falamos >Non *habíamos falado...*

Segundo

Os verbos acabados en **cer**

(agás facer e derivados) son regulares:

*Agradezo >Non *agradezco.*

*Conduzas >Non *conduzcas...*

Os rematados en **ucir** tamén son regulares:

*Conducín, conduciu >Non *conduxen, *conduxo.*

*Reproducín, reproduciu >Non *reproducen, *reproduxo.*

Os rematados en **uír** son do mesmo xeito regulares:

*Inclúo, inclúes, inclúe... inclúen >Non *incluio, incluiés,
*incluie... *incluién.*

*Constitúo, constitúes, constitúe... constitúen > Non
*constituo, *constituies, *constituie... *constituíen.*

Terceiro

Son verbos acabados en **er** (2ª conxugación):

Acabados en **bater, romper, verter**:

Bater, combater, rebater, debater, abater; concorrer,

discorrer, escorrer, percorrer, recorrer, transcorrer;

interromper, irromper, prorromper; verter, converter,

invertir, perverter, reverter, subverter (pero: advertir e

divertir);

Outros

Derreter, encher, erguer, espremer, tender, ferver, morrer, render, renxer, toller, tremer, xemer.

Cuarto

Verbos acabados en ir con alternancia na raíz:

Tipo **servir**:

Sirvo, serves, serve, servimos, servides, serven.

Igual que **servir**:

Sentir (asentir, consentir, resentir), seguir (conseguir, perseguir, proseguir), mentir (desmentir), ferir...

Tipo **fuxir**:

Fuxo, foxes, foxe, fuximos, fuxides, foxen.

Igual que **fuxir**:

Acudir, bulir, consumir, cubrir (descubrir, encubrir, recubrir), durmir, engulir, tusir, cuspir, lucir, xurdir, subir, sacudir...

Quinto

Ir + verbo en infinitivo:

Ir mercar, vai levar, imos facer...

É incorrecto (**Ir a + verbo en infinitivo**):

*Ir *a mercar, vai *a levar, imos *a facer...*

O infinitivo conxugado

É una peculiaridade da nosa lingua (que loxicamente comparte co portugués, dada a identidade común de galego e portugués). Dáse no plural da primeira persoa (nós), no singular e plural da segunda persoa (ti - vós) e no plural da terceira persoa (eles/elas).

	ANDAR (1ª conxugación)	SABER (2ª conxugación)	VIVIR (3ª conxugación)
1ª persoa: plural (nós)	andamos	sabermos	vivirmos
2ª persoa: singular (ti)	andares	saberes	vivires
3ª persoa: plural (vós)	andardes	saberdes	vivirdes
3ª persoa: plural (eles/elas)	andaren	saberen	viviren

Como trazo propio e diferencial da lingua galega, recoméndase a súa utilización en todas aquelas situacións lingüísticas en que sexa posíbel:

- 1) Cando vai precedido de preposición, sobre todo en comezo de frase:
 - *De sabermos que virías, faría un café.*
 - *Para vivires lonxe, estiveches ben cedo.*
- 2) Cando o suxeito do infinitivo non está expreso, pero tratamos de evitar ambigüidades:
 - *É ben chegardes á casa canto antes.*
 - *Cómpre negociarmos un novo convenio.*
- 3) Cando o suxeito expreso é diferente do verbo principal:
 - *Comermos xuntos non foi mala idea.*
 - *Estares hoxe aquí é unha sorte.*

Pola contra, non se debe usar:

- 1) Cando o infinitivo ten o mesmo suxeito que o verbo de que depende e ambos van seguidos:
 - *Tentaron facer o de sempre.*
 - *Nunca quixeron repetir aquilo.*
- 2) Cando o infinitivo que forma parte dunha perífrase verbal:
 - *Hai que ir á folga polos nosos dereitos.*
 - *Debes volver canto antes.*



Pronome persoal

Colocación dos pronomes

Os pronomes persoais átonos van colocados, por regra xeral, despois do verbo:

Pódese? Díxome que non; Súbobo de inmediato...

É inadmisíbel en galego:

**Se pode?; *Me dixo...*

Mais hai unha serie de casos, como por exemplo os seguintes, en que isto non se cumpre e o pronome vai situado antes do verbo:

- Nas frases negativas:
*Non **mo** acepta; Nunca **lle** fai caso...*
- Cando os indefinidos (**algo, alguén, ambos, bastante, calquera, mesmo, ningún...**) van antes do verbo (xa que atraen o pronome canda eles):
*Algo **se** sabe [comparar con: Sábese algo];
Calquera **o** coñece; Ninguén **a** atura...*
- Cando boa parte dos adverbios (**acaso, incluso, mesmo, xa, seica, aínda, axiña, só, sempre, ben, cedo, mal, tarde...**) van antes do verbo:
*Aínda **o** vin onte; Xa **voló** dixen; Sempre **nos** chama;
Ben **o** sabes...*

Exceptúanse:

hoxe, mañá, onte, despois, antes...:

*Hoxe **vinte** pasar; Mañá **saberalo**; Despois **falámolo**...*

- Nas frases introducidas por exclamativos ou interrogativos (**quen, que, cando, canto...**) o pronome tamén vai antes do verbo:

*Cando **o** viches? Quen **te** chamou? Canto **lle** gustou!*

- Nas frases dependentes doutras, normalmente introducidas por conxuncións (**que, porque, como, para que...**):

*Espera que **me** escoite; Fixo como **lle** cadrou;*

*Estivemos porque **nos** convidou...*

Cando se trata dun infinitivo ou un xerundio, danse varias posibilidades:

- Infinitivo ou xerundio despois de preposición (**de, en, sen...**). Dúas posibilidades:

*De **me** avisares = De avisáres**me**.*

*Sen **se** decatarse = Sen **decatarse**.*

*En **nos** xuntando = En xuntándonos...*

- Infinito e xerundio subordinado a un verbo principal. Dúas posibilidades:

*Pódese **facer** = Pode **facerse***

*[pero non: ***Se** pode **facer**]*

*Estou **vendo** = Estou **véndoo***

*[pero non: ***O** estou **vendo**]...*

- Verbo persoal e infinitivo ou xerundio despois de negación (**non, nunca...**). Dúas posibilidades:

*Nunca **o** podería entender = Nunca podería **entendelo**;*

*Non **me** está vendo = Non está **véndome**...*

- Infinitivo subordinado a un verbo principal mediante conxunción (**que**) ou preposición (**de**). Tres posibilidades:

*Haise **que** mover = Hai **que se** mover = Hai **que***

*moverse [pero non: ***Se** hai **que** mover].*

*Débenos **de** escoitar = Debe **de nos** escoitar = Debe **de***
*de escoitarnos [pero non: ***Nos** debe **de** escoitar]...*

Anexo 1

Corrección de malos usos lingüísticos

Uso de x e non de i

*Conxuntura, non *coiuntura.*

Proxecto, non proiecto.

*Traxecto, non *traiecto...*

Uso de ll e non de x

*Antollo, non *antoxo.*

*Aparellador, non *aparexador.*

*Acubillo, non *cobixo.*

*Baralla, non *baraxa.*

*Burbulla, non *burbuxa.*

*Parella, non *parexa.*

*Partilla, non *partixa...*

Uso de l e non de ll

*Apelido, non *apellido.*

*Apostilar, non *apostillar.*

*Argola, non *argolla.*

*Atropelo, non *atropello.*

*Beleza, non *belleza.*

*Calo, non *callo.*

*Camelo, non *camello.*

*Capela, non *capilla.*

*Castela, non *Castilla.*

*Colar, non *collar.*

*Costela, non *costilla.*

*Crioulo, non *criollo.*

*Chanceler, non *canciller.*

*Degolar, non *degollar.*

*Engulir, non *engullir.*

*Estaleiro, non *astilleiro.*

*Falecer, non *fallecer.*

*Querela, non *querella.*

*Selo, non *sello.*

*Vasalo, non *vasallo.*

Non levan l entre vogais

*Adiante (adiantar); aguía, anxo [pero: anxelical];
avoengo, cabaza (cabazo, cabaceira); cambra; ceo
[pero: celeste, celestial], coar (coador, coadoiro,
coadura); cor (corar, corado [pero: colorido, colorista,
coloración, colorar, colorante, bicolor, incoloro]);*

dianteiro; dor (doer, doenza, doente, adoecer, dorido [pero: indoloro, indolencia, indolente]); embigo [pero: umbilical]; evanxeo [pero: evanxélico, evanxelizar, evanxelista]; gabián; insua; moa (moer); natureza [pero: naturalismo, naturalidade, naturalizar]; receo (recear, receoso); só (soa, soidade [pero: solitario]); saír (saída, sobresaír [pero: sobresaliente]); saúdo (saúda, saudar, saudación); saúde (saudábel [pero: salubre, salubridade]); táboa [pero: tableiro]; tea (tear); veo [pero: vela, velar]; vixiar (vixía, vixiante (adx.) [pero: vixilancia, vixilante (subs.)]; voo (voar, voador, voante (adx.) [pero: volante (subst.), volátil]); vontade [pero: voluntario, voluntarioso, voluntariado, voluntariedade, involuntario]; xear (xeada; pero: conxelar, conxelado, conxelador, xélido).

Uso de n e non de ñ

*Abanel, non *albañil.*

*Cabana, non *cabaña.*

*Dano, non *daño.*

*Destino, non *destiño.*

*Dona, non *doña.*

*Engano, non *engañar.*

*Ganancia, non *gañancia.*

*Inocente, non *iñocente.*

*Oficina, non *oficiña.*

*Pano, non *pañó.*

*Pestana, non *pestaña.*

*Rapina, non *rapiña.*

*Sinal, non *señal.*

*Xardineiro, non *xardiñeiro.*

Si levan ñ

Entraña; enxeño; estaño;

estraño; gañar; montaña; puño...

Non levan n entre vogais:

Abotoar; ameaza (ameazar, ameazador, ameazante); area (areal, areoso, areiro [pero: arenífero]); abotoar; amoestar (amoestación); amontoar (amontoado); apisoar (apisoadora); aveá; balea; cadea (cadeado, encadear, encadeamento); campá (campaña [pero: campanario, campaneiro]), cardeal [pero: cardinalicio]; cea (cear [pero: cenáculo]); comadroa; conter (contido); coroar (coroar [pero: coronario]);

deostar (deostado); freo (frear, desenfrear, refrear); doar (doazón, doador [pero: donativo]); empadroar (padroado, empadroamento [pero: padrón, patronal, patrocinio]); enseada; enxaboar; entoar (entoación, desentoar [pero: tónico]); estrea (estrear); galardoar (galardoado); la [pero: lanar,]; lagoa; latoeiro; limoeiro (limoadá); lúa (luar [pero: lunar, lunático]); moeda (moedeiro [pero: monetario]); mosteiro [pero: monástico]; perdoar (perdoábel, imperdoábel); persoa (persoal, impersoal [pero: personalidade, personalismo, personalista, personalizar, personaxe, personificar, impersoalidade]); pregoar (pregoeiro); razoar (razoábel, razoamento [pero: racional, irracional, racionalizar]); saba; serea; soar (soante, resoar, consoante [pero: sonoro, sonata, resonancia, consonancia, consonántico]); tebra [pero: tenebroso]; terreo (terreal); vaidade (vaidoso); vea [pero: venoso]; xerar (xeración, xerador [pero: dexenerar, dexeneración, rexenerar, rexeneración]); xeral (adx. [pero: xeneral (subs.); xeneralizar; xeneralidade, xeneralización]).

Si levan **n** entre vogais

(ademais dos casos vistos arriba):

Abandonar; acondicionar; apaixonar; escena; escenario; centena; centenario; condena (condenar, condenado); ordenar (desordenar); prisioneiro; semana; sirena; sereno; trono; zona.

Anexo 2

Erros habituais

Erro

A

Abogado
Abandoar
Abonar (pagar)
Acecho
Aceira
Achádego
Acorralar
Adivinar
Agotar
Ahí
Aislar
Albañil
Albarán
Alcantarilla
Aleación
Alemania
Alevosía
Alonxar
Alquilar
Ambente
Amenaza
Ámeto
Antigüedad
Antoxo
Ao efecto
Ao sumo
Apaiñado
A parte de

Correcto

A

Avogado
Abandonar
Aboar (pagar)
Asexo / Axexo
Beirarrúa / Paseo
Achado
Acurrallar
Adiviñar
Esgotar
Aí
Illar
Albanel
Albará
Sumidoiro
Aliaxe
Alemaña
Aleivosía
Afastar / Arredar
Alugar
Ambiente
Ameaza
Ámbito
Antigüidade
Antollo
Para o efecto
Como moito
Apaiñado
Á parte de

Erro

A partires de
A pesares de
Aplastar
Aportar
Apunte
Arregrar
Arriesgar
Artículo
Asamblea
Asegún
Asesiño
Asimismo
A traverso
A veces
Avería
Averiguar
Axeno
Axuntamento

B

Baraxa
Barniz
Basura
Beca [de estudos]
Brilar
Bulra
Bulto
Búsqueda

C

Ca (contracción)
Calle
Calqueira
Cambeo
Campeón
Cansancio

Correcto

A partir de
A pesar de
Esmagar
Achegar / Contribuír
Apuntamento
Arranxar
Arriscar
Artigo
Asemblea
Segundo
Asasino
Así mesmo
A través
Ás veces
Avaría
Pescudar / Indagar
Alleo
Concello

B

Baralla
Verniz
Lixo
Bolsa [de estudos]
Brillar
Burla
Vulto
Busca / Procura

C

Coa (contracción)
Rúa
Calquera
Cambio
Campión
Cansazo

Erro

Cárcel
Carreteira
Cecais
Cese
Chamativo
Chino
Cincoenta
Ciruxía
Cobixo
Cofradía
Coiuntura
Colaboura
Con arreglo a
Concellal
Concénzia
Condear
Connivénzia
Conquerir
Conscente
Convertir
Convinte
Coñocer
Corresponsal
Corbata
Corto
Coste
Craro
Crase
Creénzia
Creer
Crisis
Cuatrimestre
Cumplir
Curtar
Custión

Correcto

Cárcere
Estrada
Quizais / Quizabes / Quizá(s)
Cesamento
Rechamante
Chinés
Cincuenta
Cirurxía
Acubillo
Confraría
Conxuntura
Colaboración
De acordo con
Concelleiro/a
Conciencia
Condenar
Conivencia
Conseguir
Consciente
Converter
Conveniente
Coñecer
Correspondente
Gravata
Curto
Custo
Claro
Clase
Crenza
Crer
Crise
Cuadrimestre
Cumprir
Cortar
Cuestión

Erro

D

Dacordo
Debatir
De elo
Dempóis
Derogar
Desahucio
Desarrollar
Desarrollo
Descalificar
Desfallecer
Despido
Despilfarrar
Desplazar
Destiño
Deterioro
Dieta
Diñificar
Diputación
Diputado
Dirección [domicilio]
Disconforme
Discontinuo
Disculpa
Disfroitir
Disfrutar
Disgustar
Disminuir
Doblar
Donar
Donación
Doctrina
Duda
Dudar
Dulce

Correcto

D

De acordo
Debater
Disto / Diso
Despois
Derrogar
Desafiuzamento
Desenvolver
Desenvolvimento
Descualificar
Desfalecer
Despedimento
Malgastar / Dilapidar
Desprazar
Destino
Deterioración
Axuda de custo
Dignificar
Deputación
Deputado
Enderezo
Desconforme
Descontinuo
Desculpa
Gozar
Gozar
Desgustar
Diminuír
Dobrar
Doar
Doazón
Doutrina
Dúbida
Dubidar
Doce

Erro

E

Edade
Eiquí
Elabourar
Elo (pronome)
Emplear
En base a
Encender
Encuesta
Enemigo/a
Enfermeiría
Engañar
Enmenda
Entranas
Enxuiciar
Escalafón
Escaño
Escasez
Escea
Esclavo/a
Escomenzar
Espíritu
Espranza
Estadística
Estos
Estrano/a
Estrenar
Evaluar
Excusar
Exemplo
Expedente
Exprimir
Extender
Extranxeiro/a

Correcto

E

Idade
Aquí
Elaborar
Isto / Iso
Empregar
Conforme a / Segundo
Acender / Prender
Enquisa
Inimigo/a
Enfermaría / Enfermería
Enganar
Emenda
Entrañas
Xulgar / Axuizar
Escala
Escano
Escaseza
Escena
Escravo/a
Comezar
Espíritu
Esperanza
Estatística
Estes
Estraño/a
Estrear
Avaliar
Escusar
Exemplo
Expediente
Espremer
Estender
Estranxeiro/a

Erro

F

Fallido

Fallo (1)

Fallo (2)

Fecha

Fechar

Fehaciente

Fidel

Financiación

Financieiro

Finiquitar

Firmar

Floxo/a

Frenar

Frol

Furna [votación]

G

Ganar

Gañancia

Gañas

Garantizar

Gomitar

Grasa

Gubernamental

H

Habida conta

Hacia

Hacinar

Herencia

Hola

Homaxe

Humán

Correcto

F

Frustrado

Erro

Ditame / Sentenza /

Veredicto

Data

Datar

Fidedigno

Fiel

Financiamento

Financeiro

Liquidar / Saldar

Asinar

Frouxo/a

Frear

Flor

Urna [votación]

G

Gañar

Ganancia

Ganas

Garantir

Vomitar / Devolver

Graxa

Gubernamental

H

Tendo en conta

Cara a

Amorear

Herdanza

Ola

Homenaxe

Humano/a

Erro

I

I (Conxunción)
Idiosincracia
Iglesia
Igoal
Inconvinte
Incertidumbre
Incurrir
Inflación
Ingrediente
Inscripción
Insertar
Insumisión
Interés (1)
Interés (2) [banca]
Interrumpir
Inversión
Inxeneiro
Inxusticia
Iñocente
Iñorante
Ise
Iste
Ista

K

Kilogramo
Kilómetro
Kiosco

L

Lápiz
Leises
Lexos
Libertade
Línea

Correcto

I

E (Conxunción)
Idiosincrasia
Igrexa
Igual
Inconveniente
Incerteza
Incorrer
Inflación
Ingrediente
Inscripción
Inserir
Insubmisión
Interese
Xuro(s) [banca]
Interromper
Investimento
Enxeñeiro
Inxustiza
Inocente
Ignorante
Ese
Este
Esta

K

Quilogramo (mais a sigla: kg)
Quilómetro (mais a sigla: km)
Quiosco

L

Lapis
Leis
Lonxe
Liberdade
Liña

Erro

Língua
Lonxano

M

Maestro
Maniobra
Manteñer
Mañán
Mediciña

Mentras
Mercadoría
Mermar
Mezclar
Millor
Miragre
Mismo
Mitade
Montana
Movilización
Muestreo
Muelle
Múseca

N

Nadie
Naturaleza
Navidade
Nombrar
Noraboa
Norde
No seu caso
Novidade

Correcto

Lingua
Afastado / Arredado

M

Mestre
Manobra
Manter
Mañá
Medicina (tamén:
menciña = medicamento)
Mentres
Mercadoría
Minguar
Mesturar
Mellor
Milagre
Mesmo
Metade
Montaña
Mobilización
Mostraxe
Peirao / Resorte
Música

N

Ninguén
Natureza
Nadal
Nomear
En hora boa / Parabéns
Norte
Se é o caso / De ser o caso
Novidade

Erro

O

Obedente
Obispo
Obligar
Obxectivo
Octavo
Octubre
Ocurrir
Oficiña
Ola (de mar)
Ordear
Orgaización
Orgullo
Orilla
Oscuro
Otorgar
Ouservar
Outo/a
Ouxetivo

P

Pabellón
Paciente
Pagaré
Pago
Paíaso
Palanca
Paradoxa
Parexa
Párrafo
Pasillo
Patronato
Peiorativo
Pelea
Peligro
Pérdida

Correcto

O

Obediente
Bispo
Obrigal
Obxectivo
Oitavo
Outubro
Ocorrer
Oficina
Onda (de mar)
Ordenar
Organización
Orgullo
Beira
Escuro
Outorgar
Observar
Alto/a
Obxectivo

P

Pavillón
Paciente / Doente
Obriga de pagamento
Pagamento
Pallaso
Panca
Paradoxo
Parella
Parágrafo
Corredor
Padroado
Pexorativo
Pelexa
Perigo
Perda

Erro

Perdonar
Permañecer
Persoalidade
Persoaxe
Persona
Personal
Perteñecer
Plantexar
Plantilla (laboral)
Plegar
Pleito
Poblar
Polizón
Polvo
Poseedor
Poseer
Pranta
Pra
Presupuestario
Presuposto
Prevenir
Primaveira
Primer
Prisa
Probe
Procesal
Profundizar
Proiecto
Promedio
Prorratar
Provinte
Público
Pulpo

Correcto

Perdoar
Permanecer
Personalidade
Personaxe
Pessoa
Persoal
Pertencer
Formular / Propor
Cadro de persoal
Pregar
Preito
Poboar
Polisón
Po
Posuidor
Posuír
Planta
Para
Orzamentario
Orzamento
Previr
Primavera
Primeiro/a
Présa
Pobre
Procesual
Profundar / Afondar
Proxecto
Media / Termo medio
Ratear
Proveniente
Público
Polbo

Erro

Q

Quenes
Querella
Queiebra
Quirúrxico/a

R

Rapiña
Rasgo
Razonar
Reanudar
Rebatir
Recaudar
Recabar
Receta
Recrudecer
Recurrir
Reemprazar
Refrendar
Reflexar
Regla
Reglamento
Reinvindicación
Reir
Reises
Rellenar
Renta
Rentable
Republicán
Respaldar
Resumen
Retrasar
Reventar
Revocar
Rexir
Riesgo

Correcto

Q

Quen
Querela
Quebra / Creba
Cirúrxico/a

R

Rapina
Trazo / Risco
Razoar
Proseguir / Continuar
Rebater
Recadar
Solicitar / Pedir
Receita
Recruar
Recorrer
Substituír
Referendar
Reflectir
Regra
Regulamento
Reinvindicación
Rir
Reis
Encher / Cubrir
Renda
Rendíbel
Republicano/a
Apoiar
Resumo
Atrasar
Rebentar
Revogar
Rexer
Risco

Erro

Romeiría
Rutinari/a

S

Sá
Sabotear
Salida
Salir
Saludar
Sanar
Sano
Segredario/a
Seguer
Según
Seitor
Semán
Sendos/as
Séptimo
Server
Silenzo
Sin
Sinceiro/a
Siniestro
Sinón
Siñificar
Sobor
Soborno
Sobresainte
Soio
Soler
Solidaridade
Somentes
Sonar
Sondeo
Sonido
Subasta

Correcto

Romaría / Romaxe
Rutineiro/a

S

Sala
Sabotar
Saída
Saír
Saudar
Sandar
San
Secretario/a
Seguir
Segundo
Sector
Semana
Senllos/as
Sétimo
Servir
Silencio
Sen
Sincero/a
Sinistro
Senón
Significar
Sobre
Suborno
Sobresaliente
Só
Adoitar / Acostumar
Solidariedade
Soamente
Soar
Sondaxe
Son
Poxa

Erro

Subdesenrolo
Subraiar
Subsanar
Suficiente
Suministro
Supervivinte
Suxección
Suxerencia

T

Tableiro
Taladro
Taxante
Temblar
Tercer
Término
Testigo
Testimonio
Tíduo
Todavía
Todo elo
Traición
Traicionar
Traiecto
Trunfar
Turno

U

Ubicación
Úneco/a
Urbán
Usté

Correcto

Subdesenvolvimento
Subliñar
Emendar / Reparar
Suficiente
Subministración
Supervivente / Sobrevivente
Suxeición
Suxestión

T

Taboleiro
Trade
Tallante
Tremar
Terceiro/a
Termo
Testemuña
Testemuño
Título
Aínda
Todo isto / Todo iso
Traizón
Traizoar
Traxecto
Triunfar
Quenda / Vez

U

Localización / Situación
Único/a
Urbano/a
Vostede

Erro

V

Vacuna
Ventaxa
Verquer
Verquido
Vértigo
Víspera
Visto bó
Viudez
Viudo/a
Vixianza
Vixilar
Voluntade
Vuelo

X

Xardiñeiro/a
Xeneración
Xenerar
Xeralizar
Xuez
Xuicio
Xulio (mes)
Xunio
Xuzgado
Xuzgar

Z

Zanxar
Zarpa
Zarpar
Zoa

Correcto

V

Vacina
Vantaxe
Verter
Vertido / Vertedura
Vertixe
Véspera
Visto e prace
Viuvez
Viúvo/a
Vixilancia
Vixiar
Vontade
Voo

X

Xardineiro/a
Xeración
Xerar
Xeneralizar
Xuíz
Xuízo
Xullo
Xuño
Xulgado
Xulgar

Z

Resolver / Concluír
Gadoupa / Pouta
Partir
Zona

CIG-NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Miguel Ferro Caaveiro, 10
15707 Santiago de Compostela
Galiza

Teléfono: (981) 56 43 00
Fax: (981) 58 39 34
normalizacion@galizacig.gal

A detailed illustration of a medieval manuscript workshop. In the center, a man in a purple tunic and red hose is operating a large wooden mangle. To the left, a man in a blue robe stands with a bowl. To the right, two men in clerical robes are seated at a desk, reading and writing. A dog is visible in the lower left corner. The scene is set in a room with stone walls and wooden beams.

Normaliza ción